Nota de prensa:

A Xunta de Persoal do Distrito Sanitario de Valdeorras ante o comunicado emitido onte pola xerencia da Area Sanitaria de Ourense Verín e Barco de Valdeorras: comunicado consecuencia do nerviosismo en que esta a caer esa xerencia vendo a resposta da cidadanía deste distrito Sanitario de Valdeorras nas concentracións dos mércores diante do hospital de Valdeorras en defensa da sanidade publica e a recuperación dos perdidos servizos sanitarios do noso distrito. Quere publicamente facer chegar esta mensaxe ao sr Xerente e a señora directora de Distrito Sanitario

Confundides, terxiversades e ocultades información señor da Xerencia e señora da Dirección de distrito: decídesnos que non hai recortes de servizos ni persoal, entón onde están os traumas e cirurxiáns que faltan? Onde está o cardiólogo e o urólogo e a dermatóloga e o médico de admisións do HCV? Sabedes que mentides e sabedes que non son so isos os que faltan. Onde están os servizos clínicos que desapareceron?. Porqué vos negades sistematicamente, sr Xerente e señora Directora de Distrito, a entregarnos os cadros de persoal do Hospital de Valdeorras pese a térvolos pedido dende as organizacións sindicas e Xunta de Persoal múltiples veces?.

Decides que o cambio de Area a Distrito non modifica en absoluto a capacidade asistencial pero sabedes que é falso, so baste ver o que son e eran as funcións dunha xerencia de área e o que son as funcións dunha directora de distrito.

Sabedes que o espazo en prensa é escaso para nós: sindicatos sanitarios e xunta de persoal, así que imos ser concisos, e lembrarvos despois uns parágrafos de Pérez Reverte adicados a Francisco Umbral.

Concisos: A Xunta de Persoal do Distrito Sanitario de Valdeorras convida ao Sr xerente da Área sanitaria a vir a Valdeorras a debater en publico, e coa prensa presente, sobre a realidade do Hospital de Valdeorras e o seu distrito sanitario (como foi vostede a Verín a dicir taxativamente que as mulleres de Verín parirían en Ourense). Vostede so diga dia e hora, nós buscamos lugar axeitado e convocamos á prensa. Ánimo

Parágrafos de Reverte: “A todo eso añade una proverbial cobardía física, que siempre le impidió sostener con hechos lo que desliza desde el cobijo de la tecla. Pero al detalle iremos otro día. Cuando me responda, si tiene huevos. A ver si esta vez no tarda otros cinco años. El maestro.”

O dito: non se agochen tralo “cobijo de la tecla”, veñan a Valdeorras a debater en publico e con prensa, e aí iremos ao detalle.